



REGULAMENTO DE PROTOCOLO E CERIMONIAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo I

- A) O presente regulamento establece o réxime de precedencias e tratamentos dos membros da Corporación Local, Padroados e Fundacións Municipais.
- B) O alcance das normas queda limitado ao ámbito municipal.

Artigo II

- A) O servizo de Protocolo será quen se encargará de aplicar as normas do presente Regulamento.
- B) O servizo de Protocolo coordinarase con Protocolo doutras Institucións ou Entes Públicos ou Privados, cando algún membro da Corporación Municipal assistise invitado por outro organismo.

TÍTULO PRIMEIRO

CAPÍTULO PRIMEIRO TRATAMENTOS, ATRIBUTOS E OS SEUS USOS

Artigo III

Pola súa historia o Concello de Vilagarcía de Arousa ostenta o Tratamento de EXCELENTÍSIMO (30-07-1913).

Artigo IV

O Escudo do Concello de Vilagarcía de Arousa, medio partido e cortado, contén os seguintes compoñentes heráldicos:

O primeiro que se pode observar na parte superior son tres castros que están coroados por unha chave. Os castros simbolizan a defensa da vila, Castro de Carril, Castro Gudín e Castro Alobre. A chave de ouro (amarelo), que en termos heráldicos representa a defensa e garda da dignidade e liberdade da patria, debaixo dos castros está o mar simbolizando a ría.

No cuartel da dereita, a tirrente con vela de ouro (amarelo) sobre fondo de prata (gris), símbolo do comercio marítimo, florecente neste rico litoral.

No cuartel da esquerda, a espada no campo gules (vermello) como emblema da loita pola liberdade.

Para rematar temos o escudo interior, nel alúdese á Casa de Rubiáns, cuxo señor, García de Caamaño, débese a fundación de VILAGARCÍA.

O escudo debe figurar: na bandeira da cidade, tanto nas do interior como nas de exterior, nos documentos oficiais do Concello e nos edificios públicos pertencentes ao Concello.

Artigo V

A Bandeira do Concello de Vilagarcía (08-05-1985) componse do escudo descrito no art. 2º do Título Primeiro, centrado sobre fondo arlequinado, cuadrilonga con fondos de cor ouro (amarelo), situado no lado superior dereita e inferior esquerda e gules (vermello), na parte inferior dereita e superior esquerda, cores pertencentes á provincia marítima.

Artigo VI

A Bandeira ondeará no exterior de todos os edificios municipais, xunto a bandeira de España, a da Comunidade Autónoma de Galicia e da Unión Europea (segundo a orde de precedencia)

Artigo VII

A Bandeira estará en lugar destacado do Salón de Actos, Salón de Plenos e Despacho do Ilmo/a Sr/Sra. Alcalde/sa.

Artigo VIII

Sobre a Bandeira da cidade non se poderán incluír siglas ou símbolos que representen, partidos, sindicatos, asociacións ou entidades.

Artigo IX

Nos actos públicos municipais a Bandeira estará presente, en lugar destacado, xunto as Bandeiras Nacionais e Autonómicas.

TÍTULO SEGUNDO

CAPÍTULO PRIMEIRO CLASIFICACIÓN E PRESIDENCIA DOS ACTOS.

Artigo X

- A) Actos de carácter xeral, serán todos aqueles que organiza a Corporación Local, con ocasión de conmemoracións ou acontecementos Nacionais, Autonómicos ou Municipais.
- B) Actos de carácter especial, son os organizados polo Alcalde ou Concelleiros con ocasión de acontecementos propios do ámbito específico das respectivas funcións, servizos e actividades.

Artigo XI

- A) Os actos serán presididos polo Alcalde/sa. En caso que cedese a presidencia, ocupará o lugar inmediato á mesma.
- B) Cando a un acto municipal concorran outras Autoridades da Admón. Central ou Autonómica estarase ao que o Real Decreto 2099/83 do 4 de agosto, regule.
- C) A distribución dos postos dos demais membros da Corporación Municipal faranse segundo regule o presente Regulamento.
- D) Se concorresen varias persoas do mesmo rango e orde de precedencia, prevalecerá sempre a da propia residencia.

CAPÍTULO SEGUNDO

NORMAS DE PRECEDENCIA

Artigo XII

A precedencia nos actos oficiais de carácter xeral organizados pola Corporación Local determinarase, de acordo co disposto no presente Ordenamento, pola súa normativa propia, e no seu caso pola tradición ou costume do lugar.

Artigo XIII

A precedencia en actos oficiais de carácter especial, determinarase por quen a organice, de acordo coa súa normativa específica, os seus costumes e tradicións, e, no seu caso, cos criterios establecidos no presente Ordenamento.

Artigo XIV

O réxime xeral de precedencias distribúese en dous rangos de ordenamento: o individual ou persoal e o departamental.

- A) O individual regulará a orde singular de Autoridades, Titulares de Cargos Públicos ou personalidades.
- B) O departamental regulará a ordenación das Concellerías, Padroados e Fundacións Municipais.

Artigo XV

As persoas que represente no seu cargo a unha Autoridade superior á do seu propio rango, non gozará da precedencia recoñecida á Autoridade que represente, e ocupará o lugar que lle corresponde polo seu propio rango.

Artigo XVI

Nos actos propios organizados por unha Concellería Municipal, que non presida o Alcalde/sa de Vilagarcía de Arousa, ostentará a Presidencia o responsable da área.

Artigo XVII

Nos actos propios organizados por unha Concellería Municipal, que presida o Alcalde/sa de Vilagarcía de Arousa, o responsable da área ocupa o lugar inmediato ó Sr./Sra. Alcalde/sa.

Artigo XVIII

En ausencia ou enfermidade do Alcalde/sa ostentará a Presidencia dos actos corporativos municipais o Primeiro Tenente de Alcalde.

Artigo XIX

Aos efectos do presente Regulamento, os señores Directores e Xerentes dos Padroados e Fundacións municipais ordenaranse seguindo a orde establecida para as súas Áreas de dependencia.

TITULO TERCEIRO

PRECEDENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNI-CIPAL, TRATAMENTOS, ATRIBUTOS E OS SEUS USOS

Artigo XX

A Corporación Municipal en todos os actos oficiais manterá a orde que se establece no presente regulamento.

1. Alcalde/sa
2. 1º Tenente Alcalde/sa
3. Portavoces
4. Equipo de Goberno
5. Grupos Municipais (segundo nº de representatividade plenaria)
6. Corpos con Habilitación de Carácter Nacional.
7. Directores e Xerentes de Padroados e Fundacións Municipais (segundo antigüidade de creación).

Artigo XXI

O Alcalde/sa ten tratamento de ILUSTRÍSIMO/A (30-07-1913).

Artigo XXII

Os Tenentes Alcalde e resto de Concelleiros terán tratamento de SEÑOR/A.

Artigo XXIII

Os atributos representativos do cargo de Alcalde/sa de Vilagarcía de Arousa son os seguintes:

- Medalla co escudo de Vilagarcía en esmalte e prata con baño de ouro e coroa de brillantes.
- Bastón con empuñadura de ouro e borlas de fío dourado.
- Insignia de solapa con escudo municipal en ouro.

Artigo XXIV

Os atributos representativos do cargo de Concelleiro/a son os seguintes:

- Medalla con escudo de Vilagarcía en esmalte e prata con baño de ouro.
- Insignia de solapa con escudo municipal, de prata con baño de ouro.

PRECEDENCIAS DE CONCELLERÍAS

- Facenda e Economía (1976)
- Circulación e Transportes (1976)
- Policía (1976)
- Limpeza (1976)
- Abastecemento e Mercados (1976)
- Obras, Servizos, Incendios, Parques Públicos (1976)
- Ensino e Cultura (1976)
- Información e Turismo; Festas (1976)
- Protocolo (1976)
- Sanidade (1976)
- Industria (1976)

- Deportes , Educación (1976)
- Servizos Sociais (1976)
- Rural (1976)
- Urbanismo (1976)
- Medio Ambiente (1991)
- Emprego (1991)
- Participación Cidadá (1991)
- Muller (1995)
- Terceira Idade (1995)
- Protección Civil (1995)
- Xuventude (1995)

PRECEDENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL, AUTORIDADES E CARGOS PÚBLICOS

1. Alcalde/sa
2. Comandante de Mariña
3. Xefe Comisario
4. Capitán Garda Civil
5. Director Provincial do I.S.M.
6. Capitán Marítimo
7. Presidente/a Autoridade Portuaria
8. Presidente/a Cámara de Comercio
9. 1er. Tenente/a Alcalde/sa
10. Ex Alcaldes
11. Fillos Adoptivos e Predilectos

12. Portavoz Grupo de Goberno
13. Portavoces Grupos de Oposición (segundo representación plenaria).
14. Grupo de Goberno (por orde concellaría)
15. Grupo da oposición (por orde de representatividade)

TÍTULO CUARTO

FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE PROTOCOLO

Artigo XXV

Será responsabilidade do servizo de Protocolo organizar e supervisar todo acto oficial que se desenvolva por parte da Corporación, Alcaldía, Concellería ou Entes Públicos dependentes do Concello.

Artigo XXVI

O Servizo de Protocolo desenvolverán o acto, co visto e prace do Alcalde/sa, Concelleiro/a e Secretario/a Xeral, segundo o tipo de acto.

Artigo XXVII

O Departamento de Protocolo, poderá dispor do material e colaboración, que sexa necesario, doutros departamentos para o desenrolo do mesmo.

Artigo XXVIII

O Departamento de Protocolo dependerá directamente do Alcalde/sa ou Secretario/a Xeral do Concello.

Artigo XXIX

O servizo de Protocolo informarase do programa e representatividade en calquera acto no que haxa representación institucional do Concello, e non sexa organizado por este.

Artigo XXX

Protocolo e Gabinete de prensa estarán intercomunicados entre si para a maior e mellor difusión dos actos a desenvolver.

Artigo XXXI

O Servizo de Protocolo será informado cun tempo de antelación, non inferior a 15 días, do acto correspondente, para a súa mellor programación e posterior desenvolvemento.

Artigo XXXII

O Servizo de Protocolo será o encargado de realizar e recibir todo tipo de invitacións relacionadas con actos institucionais, oficiais ou privados.

Artigo XXXIII

Acompañará o Alcalde/sa a todos os actos cuxa organización non corresponda ao concello e comprobará previamente e no mesmo momento do acto, que o lugar asignado é o que lle corresponde segundo o seu rango.

Artigo XXXIV

Coidar da ornamentación dos accesos e salas onde teñan lugar as cerimonia muni-
cipais.

Artigo XXXV

Organizar as recepcións, audiencias, visitas de autoridades, viaxes oficiais, toma de
posesión e, en xeral ,todos os actos que se produzan na institución.

Artigo XXXVI

Custodia do libro de honra, seleccionar e adquirir os agasallos institucionais.

Artigo XXXVII

Desenvolver e modificar, no seu caso, as honras e distincións que outorga o regula-
mento do concello.

Artigo XXXVIII

Asesorar ao Alcalde/sa e membros da Corporación sobre o uso dos atributos do car-
go, insignias, condecoracións e etiqueta.

Artigo XXXIX

Informar ao Alcalde/sa de todos os aspectos que sexan do seu interese en relación
aos actos aos que acuda, tales como lugar que ocupará na presidencia e quen com-
parten dita presidencia, orde de intervencións, relación de invitados, cronograma do
acto, etc.



Artigo XL

Coordinar co xefe de gabinete de alcaldía o desenvolvemento das cerimonia e outras actividades sociais onde participe o Alcalde/sa ou membros da corporación.

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

TÍTULO PRIMEIRO

DAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS MUNICIPAIS

Artigo I

No presente regulamento , regúlase a concesión de honras e distincións municipais a aquelas persoas ou entes públicos merecedores de devandito recoñecemento.

As distincións honoríficas que con carácter oficial poderá conferir o Concello da cidade de Vilagarcía de Arousa, para recoñecer e dar público recoñecemento por accións ou servizos extraordinarios son as seguintes:

- Medalla da Cidade
- Título de Fillo Predilecto
- Título de Fillo Adoptivo
- Membros Honorarios do Concello
- Nomeamentos de Rúas e Prazas
- Mención Honorífica Especial

Estas distincións a que se refire o presente Regulamento son exclusivamente honoríficas, sen dereito administrativo ou de carácter económico.

Artigo II

Coa soa excepción da Familia Real as mencionadas distincións municipais non poderán ser outorgadas a persoas que desempeñen cargos nas Administracións españolas.

Nos demais casos, a concesión das distincións rexeráse polas normas establecidas no presente regulamento, segundo o Art. 7

TÍTULO SEGUNDO

DA MEDALLA DA CIDADE DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo III

- A) A medalla da cidade de Vilagarcía de Arousa é unha condecoración municipal, creada para premiar ou recoñecer méritos extraordinarios que concorran en persoas ou entidades, tanto internacionais, nacionais, autonómicas como locais, por prestar servizos ou dispensado honras ou beneficios culturais ou sociais á cidade.
- B) A medalla terá o carácter de condecoración ou distinción municipal no seu grao máis elevado de Medalla de Honra e na súa única categoría de Medalla de Ouro.
- C) Para manter o carácter singular que debe caracterizar a máxima distinción da cidade a Corporación Municipal poderá conceder un número máximo dunha medalla anual, salvo que circunstancias excepcionais aconsellen aumentar devandito número. Sendo neste caso necesario o acordo do Pleno Municipal.

- D) A concesión da Medalla da Cidade levará implícito o nomeamento de Fillo Adoptivo da Cidade, cando non sexa natural dela ou Fillo Predilecto, cando o fose.
- E) Para a súa concesión, os méritos da proposta ou os motivos do outorgamento xustificaranse nun expediente sumario, instruído polo Concelleiro designado mediante decreto pola Alcaldía-Presidentencia.
- F) O acordo desta concesión adoptarase á vista de devanditas actuacións polo Pleno, por maioría absoluta da Corporación, previa inclusión da proposta na orde do día.
- G) O expediente que se menciona nos artigos anteriores iniciarase por un Decreto da Alcaldía, ben pola súa propia iniciativa ou respondendo a petición razoada de entidades, centros de carácter oficial, institucións ou asociacións de recoñecido prestixio e solvencia.
- H) En devandito decreto disporá o Sr. Alcalde/sa a incoación do expediente ao fin indicado e designará de entre os señores Concelleiros o que como Xuíz Instrutor haxa de tramitalo.
- I) A Medalla outorgada entregarase nun solemne acto oficial, na forma que o Concello dispoña, acompañada do correspondente Diploma e Insignia de Ouro do Escudo Institucional.
- J) A Medalla estará confeccionada en devandito metal nobre, terá forma circular; ostentará no centro do anverso, en releve o escudo institucional da cidade, co nome e apelidos do interesado e a data de concesión. No reverso levará en relevo a fachada do Concello, coa seguinte inscrición:

“EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”



- K) Levarase suspendida ao pescozo mediante un cordón de seda con tres ramaís iguais e trezados coas cores institucionais.
- L) A medalla concedida a unha persoa xurídica só poderá ser utilizada por quen ostente a súa representación.
- M) Por falecemento do titular, terá dereito a utilizar devandita distinción, con cinta negra o viúvo ou viúva, e na súa falta calquera descendente en primeira liña.

TÍTULO TERCEIRO

DOS TÍTULOS DE FILLO/A PREDILECTO/A E ADOPTIVO/A de VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo IV

A distinción de Fillo/a Predilecto/a só poderá recaer en persoas nadas na cidade de Vilagarcía de Arousa, a distinción de Fillo/a Adoptivo/a só poderá concederse a persoas non nadas na cidade de Vilagarcía de Arousa que destaquen polos seus méritos relevantes, en especial polos seus servizos en beneficio da cidade e gocen de alto prestixio e consideración xeral no concepto público.

- a) Ditas distincións terán carácter vitalicio. Poderán ser concedidas a título póstumo.
- b) O soporte material consistirá nun pergamiño no que figurará o Escudo Institucional, así como o título outorgado, o nome do titular, a data da sesión plenaria en que foi concedido, data de entrega, e as firmas do Sr. Alcalde/sa e Secretario/a do Concello.

- c) Ademais , outorgaráselles a Insignia de Ouro do Escudo Institucional, e Peana de mármore negro con escudo de Institucional de Ouro sobre a mesma.

TÍTULO CUARTO

DO NOMEAMENTO DE MEMBROS HONORÍFICOS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo V

O nomeamento de membro Honorario de Alcalde ou Concelleiro de Vilagarcía de Arousa, poderá ser en beneficio daqueles/as que nalgunha vez desempeñasen tales cargos. O procedemento de concesión será o especificado no Artigo VII.

Terán carácter permanente e intransferible e non poderán delegar a súa representatividade.

Nos actos oficiais que celebre o Concello aos que estes asistan ocuparan un lugar asignado polo Regulamento de Protocolo do Concello. Igualmente , de ser titular dalgún atributo ou distinción do Concello , poderán exhibilo en calidade de Membro Honorario.

Os seus titulares non terán ningunha facultade para intervir no goberno nin administración municipal, aínda que a Presidencia poderá encomendarlles funcións representativas.

TÍTULO QUINTO

DE MENCIÓNS ESPECIAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo VI

O Concello a proposta do Sr. Alcalde/sa poderá conceder Mención Especial , a aqueles veciños que, polas súas calidades, merecementos ou actitudes, relacionados co acontecer diario de Vilagarcía de Arousa ou con especiais circunstancias da súa propia vida, fáganse acredores das mesmas.

A mención farase pública en Sesión Plenaria, no momento da súa apertura, con exposición de motivos polo propio Alcalde/sa, aparecendo na acta da Sesión e dándose traslado das mesmas ao interesado ou familiares máis directos.

TÍTULO SEXTO

DE NOMEAMENTOS DE RÚAS E PRAZAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo VII

Poderá outorgarse a Rúas e prazas, o nome de persoas e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, ben sexan por servizos e actividades especiais realizadas a favor da cidade de Vilagarcía de Arousa ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico ,cultural, artístico, deportivo, social, etc.

TÍTULO SÉPTIMO

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo VIII

O expediente de procedemento de concesión de ambas distincións deberá constar do seguinte:

- a. Proposta da Presidencia, membros da Corporación ou a intención de terceiros, acompañado de memoria acreditativa dos méritos que concorran no aspirante acredor á distinción proposta, incluíndose nela as adhesións que se produciron.
- b. Informe técnico do Secretario/a Xeral do Concello.
- c. Resolución da Presidencia ordenando a iniciación.
- d. Ditame da Comisión Informativa correspondente.
- e. Acordo plenario da concesión, adoptado por maioría absoluta dos membros da Corporación.
 - Acordada a concesión de calquera dos títulos anteriores, pola Presidencia sinalarase a data para entregar ao agraciado/a en sesión solemne, á que se convocarán os membros da Corporación e invitados acordados polo agraciado/a e Presidente/a da Corporación.
 - Cando por razóns extraordinarias e de máxima urxencia trátase de conceder devanditas condecoracións a personalidades, por circunstancias humanitarias, académicas, deportivas ou causas natu-



rais sobrevividas, ect. o procedemento ordinario poderá ser substituído por un escrito razoado polo Alcalde/sa, acordo de Xunta de Goberno e posterior proposta de ratificación do Pleno.

TÍTULO OITAVO

DE EXEQUIAS O ACONTECEMENTOS LUCTUOSOS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo IX

O Sr. Alcalde/sa determinará, mediante Decreto, a declaración de loito oficial cando circunstancias ou feitos de transcendencia nacional, autonómica ou local, se así o requira.

No decreto emitido polo Sr. Alcalde/sa incluíranse todas e cada unha das accións a desenvolver, en sinal de respecto ou condolencia polo loito declarado.

Estas accións poderán ser as seguintes:

Suspender todos os actos públicos oficiais, organizados polo Concello, a través de calquera das súas Delegacións, Servizos ou Departamentos, durante o tempo que dure o loito oficial.

Arriar as bandeiras institucionais que ondean no exterior dos edificios públicos municipais.

Prender nas bandeiras que ondean no exterior un crespón negro como sinal de loito oficial.

Calquera outra que incida en significar e difundir a declaración de loito oficial decretado.

Nos casos en que a declaración de loito oficial veña decretada ou ordeada por instancias superiores da Administración Pública de ámbito Estatal ou Autonómico , dispoñeráse conforme ao indicado polas preceptivas declaracións, podendo o Sr.Alcalde/sa adherirse a esas mesmas declaracións oficiais a través dos medios e actos sinalados nos apartados precedentes. En calquera caso , a bandeira da cidade de Vilagarcía de Arousa, ondeará a media hasta, sempre que o fagan as bandeiras nacional e autonómica, tras ter coñecemento da declaración oficial en ámbitos estatais ou autonómicos.

TÍTULO NOVENO

DE IRMANDADE ENTRE CIDADES CO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo X

A práctica da Irmandade entre cidades e vilas ofrécese como un mecanismo integrador e eficaz para o desenvolvemento de intereses comúns das Comunidades Irmandadas, unha acción de préstamos mutuos na orde cultural, deportiva, social, económica, etc.

Procedemento a seguir:

- A) Estableceranse contactos cos representantes municipais o vila coa que se pretende o irmandamento, de xeito que se vaian fixando obxectivos para dita unión.

- B) Unha vez acordado esto, os Concellos acordarán en sesión plenaria dita irmandade, creando un Comité que será o encargado do seguimento e de propoñer as actuacións conxuntas que se vaian a levar a cabo.



- C) Logo de todo isto, fixaranse as datas nas que de xeito recíproco visitaranse as cidades Irmandadas e confeccionaranse os programas, incluíndo necesariamente o asinado protocolario do irmandamento.
- D) O desenvolvemento do programa de actos acordarase coa delegación visitante.
- E) O cronograma e desenrolo do acto correrá a cargo do Servicio de Protocolo.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira

As distincións honoríficas que a Corporación poida outorgar as SS.MM os Reis, non requirirán outro procedemento que a previa consulta á Casa da súa Maxestade o Rei e en ningún caso incluíranse no cómputo numérico que, como limitación establece o presente Regulamento.

Segunda

Cantas personalidades ou entidades corporativas estean en posesión dalgunhas das distincións que son materia deste regulamento, continuarán no goce das mesmas, cos dereitos, honras e prerrogativas que implican, recoñecidos polos regulamentos respectivos ou por acordos municipais dictados por anteriores Corporacións Municipais.

Terceira

Todas as honras e distincións contidas neste Regulamento, sen importar a data que fosen concedidas, poderán ser derogados mediante procedemento de revisión de

oficio e acordo do órgano executivo outorgante na mesma proporción mantida para a súa concesión, cando por calquera circunstancia suficientemente motivada os beneficiarios desacrediten a honra ou distinción conferida.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento, derroga o regulamento para a concesión de Distincións Honoríficas de Concello de Vilagarcía de Arousa, aprobado polo Pleno deste Concello o 4 de febreiro de 1963, e ratificado polo Ministerio da Gobernación o 24 de febreiro do citado ano, e os seus posteriores anexos.

Vilagarcía de Arousa, 02 de xuño de 2008¶